Universidade Vigo

REGULAMENTO DE SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS OFICIAIS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

PREÁMBULO

A Orde do Ministerio de Educación e Ciencia, do 28 de setembro de 1984 (BOE do 9 de outubro), servíalles de base ás universidades para regulamentar a simultaneidade de estudos universitarios en distintos centros e afectaba a plans de estudo cunha estrutura moi diferente á recollida na actualidade. Aínda que a presente regulación de estudos universitarios se organiza noutros tipos de titulacións, esta orde segue vixente, con carácter xeral, para que as universidades establezan as normas que permitan acreditar os requisitos correspondentes e determinar as condicións necesarias para quen pretenda compatibilizar estudos universitarios.

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, e modificacións posteriores, mantén a estrutura básica da oferta académica, actualmente vixente, configurada en tres etapas: grao, mestrado e doutoramento.

Por outra banda, a Universidade de Vigo, no ámbito da súa autonomía, organiza e oferta programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións cun itinerario específico, que dan lugar á obtención, se son superadas todas as materias que o configuran, de cada un dos títulos universitarios oficiais que o conforman. Así, e tendo en conta o artigo 24 do Real decreto 822/2021, estes programas baséanse na construción dun proxecto formativo común de dúas titulacións diferenciadas que teñan coherencia académica e reforcen a formación integral do estudantado. Para isto, estes programas de dobres titulacións articúlanse mediante o establecemento dun itinerario específico a partir das materias que se consideran esenciais dos respectivos plans de estudos de cada un dos títulos implicados, plasmando o proxecto formativo nun plan de estudos de dobre titulación.

Polo tanto, cómpre regulamentar a simultaneidade de ensinanzas universitarias oficiais non incluídas no parágrafo anterior, de acordo co establecido no artigo 2.4 da Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de abril de 2023 e polo Consello Social o 7 de xuño de 2023 (DOG do 8 de xullo de 2024).

Por isto, o Consello de Goberno, na súa sesión do 23 de xullo de 2026, aproba o Regulamento de simultaneidade de estudos na Universidade de Vigo.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1
Considérase simultaneidade de estudos a realización de máis dun estudo oficial de grao, mestrado ou doutoramento nunha universidade pública ou privada española. Non se poderán simultanear máis de dúas titulacións, sexan estas da Universidade de Vigo ou doutras universidades.

Artigo 2
Cando a nova titulación, mención, especialidade ou estudo que se pretende cursar estea sometida a límite de prazas, non se poderá simultanear agás que, logo de rematar o proceso de admisión, resulten vacantes.

Artigo 3
A simultaneidade non implicará a modificación da organización docente nin a adaptación de horarios de ningunha das dúas titulacións; a/o estudante deberase asegurar da compatibilidade de horarios e das probas de avaliación.

Artigo 4
Non se concederá unha autorización de simultaneidade para cursar estudos doutra universidade conducentes a obter o mesmo título ou entre titulacións que teñan as mesmas competencias académicas ou profesionais. No caso de realizar os mesmos estudos simultaneamente en dúas universidades, non se recoñecerán na Universidade de Vigo. Poderán solicitarse informes para valorar a similitude de estudos.

Artigo 5
Non se poderán cursar dous plans de estudos da mesma titulación.

Artigo 6
Non se poderá simultanear unha nova titulación cun programa académico de simultaneidade de dobres titulacións.

Capítulo II. Simultaneidade de dúas titulacións oficiais de grao na Universidade de Vigo

Artigo 7
Non se concederá unha simultaneidade para cursar por primeira vez dúas titulacións oficiais de grao na Universidade de Vigo, excepto nun programa académico de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico (PAS2G), que se rexerá pola súa normativa específica.

Artigo 8
Quen pretenda simultanear unha titulación oficial xa iniciada con outra polo procedemento xeral de admisión convocado polo sistema universitario de Galicia (SUG), deberá ter en conta que para que esta lle poida ser concedida haberá que:

• Ter superado o primeiro curso completo da titulación iniciada.
• Agardar a que, unha vez rematado o proceso de adxudicación de prazas no SUG, se publique a convocatoria de prazas sobrantes, momento no que deberá solicitar unha praza na nova titulación.
• Cumprir os requisitos de matrícula establecidos na Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo, e na Resolución reitoral da convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao do ano académico correspondente.

Artigo 9
Quen pretenda simultanear unha titulación oficial xa iniciada con outra polo procedemento de admisión por recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS, segundo o establecido no artigo 44 do Real decreto 534/2024, do 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de accesos ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión, deberá ter en conta que, para que esta lle poida ser concedida, haberá que:

- Ter superado o primeiro curso completo da primeira titulación.
- No caso de límite de prazas polo procedemento de admisión por recoñecemento, cómpre agardar a que remate o proceso de adxudicación delas. Se o centro responsable da nova titulación lle outorga unha praza, poderá solicitar a simultaneidade.
- Cumprir os requisitos de matrícula establecidos na Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo, e na Resolución reitoral da convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao do ano académico correspondente.

Artigo 10
Haberá que ter concedida a simultaneidade previamente á formalización da segunda matrícula. Quen desexe simultanear dúas titulacións oficiais de grao deberá presentar unha solicitude dirixida ao reitor ou reitora da Universidade de Vigo a través do procedemento establecido na sede electrónica. Tramitarase no Servizo de Xestión de Estudos de Grao e resolverase de acordo co establecido nesta normativa e nas normas que sexan de aplicación. A resolución favorable levará implícita a autorización de matrícula a tempo parcial nunha das titulacións.

Artigo 11
O máximo de créditos matriculados entre as dúas titulacións de grao non superará os 90 ECTS, unha vez feitos os recoñecementos que procedan.

No caso de incumprimento do límite máximo de créditos matriculados, iniciarase de oficio, polo Servizo de Xestión de Estudos de Grao, o proceso para regularizar a situación do expediente da/o estudante.

Capítulo III. Simultaneidade de dúas titulacións oficiais de mestrado na Universidade de Vigo

Artigo 12
Poderán simultanearse dous mestrados na Universidade de Vigo, sempre que o máximo de créditos matriculados nas dúas titulacións non supere os 90 ECTS.

Artigo 13
Haberá que ter concedida a simultaneidade previamente á formalización da segunda matrícula. Quen solicite a simultaneidade de estudos deberá presentar unha instancia dirixida ao reitor ou reitora da Universidade de Vigo e tramitarase no Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao

Capítulo IV. Simultaneidade de titulacións oficiais de grao e mestrado na Universidade de Vigo

Artigo 14
Poderase simultanear a matrícula nun grao coa matrícula nun mestrado na Universidade de Vigo, sempre que o máximo de créditos matriculados nas dúas titulacións non supere os 90 ECTS.

Artigo 15
Haberá que ter concedida a simultaneidade previamente á formalización da segunda matrícula. Quen desexe simultanear unha titulación de grao cunha titulación de mestrado deberá presentar unha solicitude dirixida ao reitor ou reitora da Universidade de Vigo a través do procedemento establecido na sede electrónica. Esta tramitarase no Servizo de Xestión de Estudos de Grao, se a segunda titulación é un grao, e no Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, se a segunda titulación é un mestrado.

Capítulo V. Simultaneidade de titulación de mestrado e doutoramento na Universidade de Vigo

Artigo 16
Poderase simultanear a matrícula nun mestrado coa matrícula nun programa de doutoramento sempre que o máximo de créditos matriculados nas dúas titulacións non supere os 90 ECTS.

A matrícula nun programa de doutoramento a tempo completo computará, en xeral, como 60 ECTS para os efectos de valoración da simultaneidade de estudos nun curso académico.

Artigo 17
Haberá que ter concedida a simultaneidade previamente á formalización da segunda matrícula. Quen solicite a simultaneidade de estudos deberá presentar unha instancia dirixida ao reitor ou reitora da Universidade de Vigo e tramitarase no Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Capítulo VI. Simultaneidade de titulación de grao e doutoramento na Universidade de Vigo

Artigo 18
Poderase simultanear a matrícula nun grao coa matrícula nun doutoramento na Universidade de Vigo, sempre que o máximo de créditos matriculados nas dúas titulacións non supere os 90 ECTS.

Artigo 19
Haberá que ter concedida a simultaneidade previamente á formalización da segunda matrícula. Quen solicite a simultaneidade de estudos deberá presentar unha instancia dirixida ao reitor ou reitora da Universidade de Vigo. Esta tramitarase no Servizo de Xestión de Estudos de Grao, se a segunda titulación é un grao, e no Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, se a segunda titulación é un doutoramento.

Capítulo VII. Simultaneidade de titulacións da Universidade de Vigo con outras universidades

Artigo 20
A simultaneidade entre estudos da Universidade de Vigo e doutra universidade estará sometida a este regulamento.

Para simultanear unha titulación con outros estudos impartidos en modalidade docente híbrida (semipresencial) ou virtual (non presencial), esixiranse os mesmos requisitos e aplicaranse as mesmas limitacións de matrícula que se regulan para os estudos que se simultanean na Universidade de Vigo.

No caso de que outra universidade lle conceda a simultaneidade de estudos a un/unha estudante que non reúna as condicións establecidas neste regulamento, este/esta debe optar entre os dous estudos. Se non o fai, anularase a matrícula nos estudos que cursa na Universidade de Vigo.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogada a Normativa de simultaneidade de estudos na Universidade de Vigo, aprobada no Consello de Goberno do 17 de xullo de 2017 e modificada no Consello de Goberno do 2 de xuño de 2020.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor a partir do curso académico 2026/2027.